

## ORDENANZA FISCAL NÚM. 19

### **APERTURA DE ESTABLECEMENTOS PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES NON SOMETIDAS A AVALIACIÓN DA INCIDENCIA AMBIENTAL.**

Unha vez visto o que se dispón na **Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior [Diario Oficial L376 do 27.12.2006], Lei 17/2009, do 23 de novembro, de libre acceso ás actividades e servizos, e a Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia e especificamente do preceptuado, no seu artigo 28,** e en virtude da autonomía local constitucionalmente recoñecida, que garante aos municipios personalidade xurídica propia e plena autonomía no ámbito dos seus intereses, e que lexítima o exercicio de competencias de control das actividades que se desenvolvan no seu termo municipal, dítase a presente ordenanza previa observancia da tramitación establecida para ese fin polo **artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.**

#### **CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS.**

##### **Artigo 1. OBXECTO.**

1. A presente ordenanza ten por obxecto regular os procedementos de intervención municipal sobre os establecementos, locais, ou lugares estables, situados no termo municipal de Vilalba destinados ao exercicio de actividades económicas por conta propia, prestada normalmente a cambio dunha remuneración económica, ou a súa modificación, a través dos medios establecidos no **artigo 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,** así como a comprobación do cumprimento e mantemento dos requisitos establecidos para o exercicio das ditas actividades.

2. A finalidade desta ordenanza é garantir que os establecementos adicados a actividades económicas cumpren coas condicións técnicas de seguridade, de hixiene, sanitarias, de accesibilidade e confortabilidade, de vibracións e de nivel de ruidos que regulamentariamente se determinen nas normas específicas de cada actividade, nas **Normas Básicas de Edificación e Protección contra Incendios nos Edificios** e coa normativa aplicable en materia de protección do medio ambiente e de accesibilidade de edificios.

3. Alcanzar un grao elevado de protección das persoas e do medio ambiente no seu conxunto, para garantir unha mellor calidade de vida, mediante a utilización dos instrumentos necesarios que permitan previr e evitar, ou cando iso non fose posible, minimizar, corrixir e controlar os impactos e afeccións de todo tipo que as actividades sometidas a esta orixinen no seu caso.

4. Reducir as cargas administrativas dos promotores, unificando e axilizando os diferentes procedementos administrativos concorrentes.

En todo caso, se a consecución dos fíns descritos xerese conflitos ou liñas de actuación contradictorias, primará a interpretación normativa habilitante da ordenanza favorable ao libre acceso ás actividades e servizos conforme á **directiva 2006/123, CE**, e ao principio "*favor libertatis*"

## **Artigo 2. DEFINICIÓNS.**

Para os efectos desta ordenanza entenderase por:

1. **Actividade Económica:** Toda aquela actividade industrial ou mercantil consistente en produción de bens ou prestación de servizos conforme ao que se prevé no **art. 22.1 do Regulamento de Servizo das Corporacións Locais**.
2. **Servizo:** Calquera actividade económica por conta propia, prestada normalmente a cambio dunha remuneración.
3. **Declaración Responsable:** O documento suscrito por un interesado en que manifesta, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para acceder ao recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente ao dito recoñecemento ou exercicio.

## **Artigo 3. ÁMBITO DE APLICACIÓN.**

1. *O réxime de declaración responsable e control posterior aplícase a:*

- a) Apertura de establecementos para o exercicio das actividades económicas incluídas dentro do ámbito de aplicación da **Lei 17/2009, do 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio**, non sometidas a avaliación de impacto, efectos e incidencia ambiental nos termos da lexislación reguladora destes, e a lexislación de rúidos e prevención da contaminación acústica, agás cando por unha

norma con rango lei se estableza outro réxime de autorización.

- b) Apertura de establecementos para o exercicio das actividades económicas non incluídas dentro do ámbito de aplicación da **Lei 17/2009, do 23 novembro**, cando non se encontren sometidas a instrumentos de prevención e control ambiental de competencia autonómica conforme á **Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia**, agás cando por unha norma con rango lei se estableza outro réxime de autorización.
- c) Modificacións das actividades sometidas á declaración responsable.
- d) Modificación non substancial de actividades sometidas á avaliación da incidencia ambiental.

2. *O réxime de comunicación previa aplícase a:*

O cambio de titularidade das actividades.

3. *Quedan fóra do ámbito desta ordenanza:*

- a) As actividades propias de establecementos e espectáculos públicos, incluídas no catálogo galego destas actividades.
- b) Cando por razóns imperiosas de interese xeral, de orde pública, seguridade pública, saúde pública, seguridade dos destinatarios de bens e servizos, dos traballadores, protección do medio ambiente e o medio urbano, sexa de aplicación o procedemento de concesión de licenza municipal de apertura de conformidade coa lei reguladora da actividade de que se trate.
- c) Apertura de establecementos para o exercicio das actividades económicas cando se encontren sometidas a instrumentos de prevención e control ambiental de competencia autonómica conforme á **Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia**.
- d) Modificacións das actividades sometidas a licenza municipal.

4. *Sen prexuízo do réxime e procedementos previstos nos anteriores apartados, as actividades neles referidas deberán obter as demais autorizacións que fosen preceptivas de acordo coa normativa sectorial aplicable.*

#### **Artigo 4. EXCLUSIÓNS.**

Quedan excluídos do ámbito de aplicación desta ordenanza os seguintes establecementos e actividades, que se axustarán ao que

se estableza na normativa sectorial de aplicación, e sen prexuízo de que poidan estar suxeitas a calquer outro tipo de autorización administrativa esixible:

a) O exercicio de actividades profesionais relacionadas na sección segunda das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas, sempre que se trate de uso de oficina ou despacho profesional, sempre que non produzan no seu desenvolvemento residuos, verteduras ou radiacións tóxicas ou perigosas, nin contaminantes á atmosfera non asimilable aos producidos polo uso residencial.

Non están amparadas expresamente desta exclusión aquelas actividades de índole sanitaria ou asistencial que inclúan algún tipo de intervención cirúrxica, dispoñan de aparellos de radiodiagnóstico ou en cuxo desenvolvemento se prevexa a presenza de animais.

b) Os establecementos situados en postos de mercado de abastos municipais.

c) Os quioscos para venda de prensa, revistas e publicacións, lambetadas, flores e outros de natureza análoga situada nos espazos de uso público do municipio.

d) A venda ambulante, situada na vía e espazos públicos.

e) O uso do dominio público que poida realizarse no exercicio dunha actividade económica.

f) As actividades desenvoltas polas Administracións públicas definidas no **art.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.**

#### **Artigo 5. NORMAS COMÚNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES.**

1. As persoas responsables das actividades e establecementos están obrigadas a desenvolverlas e mantelas nas debidas condicións de seguridade, salubridade, acústicas, accesibilidade e calidade ambiental, reducindo a posible afección dos espazos públicos e empregando as mellores técnicas dispoñibles, que, se é o caso, resultasen necesarias para o cumprimento das condicións expresadas.

2. A declaración responsable quedará sen efecto no caso de que se suspenda a actividade ou cese o exercicio desta por un período superior a 1 ano. En tal caso, para poder reemprender o exercicio da actividade correspondente requirirase a presentación de declaración responsable.

Igualmente quedarán extinguidos os efectos da declaración responsable se a actividade a que a esta se refire non comeza a exercitarse no prazo e 6 meses contados dende a data da súa presentación.

## **Artigo 6. CONSULTA PREVIA.**

- 1) Sen prexuízo do sinalado no **artigo 18 da Lei 17/2009, do 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio**, os interesados poderán presentar solicitudes de consulta previa sobre aspectos concernentes a un proxecto de apertura de establecemento ou inicio de actividade, que acompañarán dunha memoria descritiva ou dos datos suficientes que definan as características xerais da actividade proxectada e do inmovible en que se pretenda levar a cabo.
- 2) A contestación á consulta realizarase de acordo cos termos desta e a documentación achegada, e farase indicación ao interesado de cantos aspectos concernan á apertura do establecemento ou inicio da actividade, e en concreto:
  - a) Requisitos esixidos.
  - b) Documentación a achegar.
  - c) Administración que sexa competente en cada caso, en atención ao tipo de actividade de que se trate.
  - d) Outros aspectos que sexan de interese para a apertura do establecemento ou o inicio da actividade.
- 3) O sentido da resposta ás consultas formuladas non terá carácter vinculante para a Administración.
  - a) Se se presentase a declaración responsable nun momento posterior, farase referencia clara ao contido da consulta previa e a súa contestación.

## **Artigo 7. DOCUMENTACIÓN EXIXIBLE.**

1. Na tramitación necesaria para o acceso e exercicio dunha actividade reguladas por esta ordenanza, só poderán esixirse os documentos ou datos que sexan estritamente necesarios para conformar a vontade da Administración e resolver en cada procedemento concreto, e que a Administración non poida obter polos seus propios medios.
2. Non se poderá esixir a presentación de documentos ou a achega de datos que xa estean en poder das Administracións públicas.
3. O Concello de Vilalba promoverá, na medida das súas posibilidades, a dispoñibilidade dun sistema electrónico de intercambio de información co resto de Administracións públicas españolas e, no seu caso, coas institucións públicas europeas, que garanta a interoperabilidade da información contemplada nesta ordenanza e na normativa vixente.
4. Non obstante, o que se dispón nos **apartados 2 e 3**, para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos

para o acceso e exercicio dunha actividade, aceptaranse os documentos procedentes de calquera Administración pública española ou de calquera institución pública doutro estado membro da Unión Europea, dos que se desprenda que se cumpren tales requisitos.

5. No caso de documentos emitidos por unha autoridade competente, non se esixirá a presentación de documentos orixinais ou copias compulsadas nin traducións xuradas, salvo nos casos previstos pola normativa vixente, ou xustificadas por motivos de orde pública e de seguridade pública.
6. Para os efectos establecidos nos apartados anteriores, o solicitante deberá declarar en que administración ou institución pública consta o dato ou a documentación orixinal. No caso de que tal administración sexa distinta deste Concello de Vilalba, de acordo co establecido no **artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal**, deberá autorizar expresa e inequivocamente a este Concello de Vilalba para a petición e obtención da dita información, debendo constar o dito consentimento na solicitude de iniciación do procedemento ou en calquer outra comunicación posterior, salvo que sexa de aplicación o réxime de excepcións do consentimento previsto no **apartado 2 do dito artigo**.

Cando se trate dun dato ou documentación que obre en poder deste Concello de Vilalba deberá informarse ao cidadán de que se vai consultar o dito dato ou documento.

## **Artigo 8. DOCUMENTACIÓN RELATIVA Á IDENTIDADE E AO DOMICILIO.**

1. Nos procedementos cuxa tramitación e resolución corresponda ao Concello de Vilalba, non se esixirá, a efectos da comprobación dos datos de identidade persoal, a achega de fotocopias do documento nacional de identidade nin do documento acreditativo da identidade ou tarxeta de residencia dos estranxeiros residentes en territorio español expedidos por autoridades españolas. A comprobación ou constancia dos datos de identidade realizarase de oficio polo órgano instrutor, de acordo cos datos de identificación que obren en poder da Administración municipal, ou acudindo aos mecanismos de interoperabilidade.
2. Non se esixirá a achega do certificado ou do volante de empadramento como documento acreditativo do domicilio e residencia, a quen estea empadornado neste municipio e teña a condición de interesado nos procedementos cuxa tramitación e resolución corresponda a este Concello de Vilalba.
3. Nos procedementos municipais para cuxa tramitación sexa imprescindible acreditar de modo fehaciente os datos do domicilio e residencia do interesado neste municipio, o

órgano instructor comprobará tales datos. En todo caso, será preciso informar ao interesado de que os datos van ser consultados polo órgano instructor.

4. Nos procedementos municipais para cuxa tramitación sexa imprescindible acreditar de modo fehaciente os datos do domicilio e residencia do interesado noutros municipios, o órgano instructor comprobará tales datos, previo consentimento do interesado, salvo que sexa de aplicación o réxime de excepcións do consentimento previsto no **apartado 2 do artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.**
5. Se o interesado non prestase o consentimento mencionado no **apartado 4**, deberá achegar o certificado ou volante de empadramento, sendo a súa non achega causa para requirirlle a subsanación, de conformidade co que se dispón no **artigo 71.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.**

#### **Artigo 9. DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA AS DISTINTAS ACTUACIÓNS.**

1. Adoptaranse modelos normalizados para facilitar aos interesados a achega dos datos e a documentación requirida. Os ditos modelos deberán estar a disposición dos cidadáns por medios electrónicos no portelo único previsto no **art. 18 da Lei 17/2009, do 23 novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio**, e no rexistro de entrada municipal.

2. Nas actuacións sometidas a declaración responsable achegarase a seguinte documentación:

- a) Modelo normalizado de declaración responsable debidamente cuberto, en relación co cumprimento previo ao inicio efectivo da actividade e mantemento dos requisitos que fosen de aplicación ao exercicio desta. Así mesmo, incluírá unha autorización para a comprobación telemática con outras Administracións públicas dos datos declarados.
- b) Acreditación da representación, nos casos en que proceda.
- c) Indicación que permita a identificación, ou copia da licenza urbanística de obras, primeira utilización ou modificación de uso, segundo corresponda, que faculte para o pretendido destino urbanístico do establecemento.
- d) Certificado técnico de cumprimento da normativa urbanística e técnica para aqueles locais que non contén con licenza de primeira utilización.

3. O declarante, na data de presentar a declaración responsable, queda comprometido diante do Concello de Vilalba e baixo a súa responsabilidade, a dispoñer da seguinte documentación:

- a. Licenza urbanística de obras, no suposto de que a apertura da actividade esixa a realización destas.
- b. Título ou autorización de ocupación do local ou espazo destinado ao desenvolvemento da actividade.
- c. Proxecto técnico, asinado polo técnico competente e visado, se a actividade de que se trata o require segundo a lexislación sectorial reguladora desta e, en todo caso, cando se deban realizar obras que poidan cualificarse como maiores ao tratarse das previstas polo **artigo 2.2 da Lei de ordenación da edificación**. O proxecto ou nos seus anexos deberán incluírse os certificados acreditativos requiridos pola normativa sectorial de aplicación.
- d. No suposto de que non sexa esixible proxecto técnico, deberá contarse cunha memoria técnica descritiva e gráfica da actividade e do establecemento onde pretenda emprazar fisicamente a esta e ás súas instalacións, asinada por un técnico competente, que inclúa os certificados acreditativos requiridos pola normativa sectorial de aplicación.
- e. Documentación complementaria esixida na normativa sectorial que regule a actividade de que se trate.

4 No caso de cambios de titularidade, á comunicación previa unirase copia do documento acreditativo da transmisión, e indicación que permita a identificación ou copia da licenza de apertura ou, se é o caso, da toma de coñecemento da declaración responsable.

## **CAPÍTULO SEGUNDO. RÉXIME DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.**

### **Artigo 10. TOMA DE COÑECEMENTO.**

1. A declaración responsable debe formalizarse unha vez acabadas as obras e instalacións conforme á licenza urbanística concedida e obtidas as demais autorizacións sectoriais necesarias para levar a cabo a actividade.
2. A presentación da correspondente declaración responsable faculta ao interesado ao inicio da actividade proxectada desde o mesmo día da presentación ou desde a data manifestada de inicio, para cuxa validez non se poderá postergar máis alá de 6 meses.
3. A copia da documentación presentada e debidamente selada ou o recibo emitido polo rexistro electrónico terá a consideración de toma de coñecemento pola Administración. Este documento



deberá estar de forma permanente no establecemento obxecto da actividade.

4. A toma de coñecemento non é unha autorización administrativa para exercer unha actividade senón un medio para que a Administración coñeza a existencia da dita actividade e posibilitar un control posterior, distinto da facultade de inspección ordinaria, mediante as oportunas actuacións administrativas que permiten esixir unha taxa pola actividade administrativa conforme se estableza na correspondente ordenanza fiscal.

#### **Artigo 11. COMPROBACIÓN.**

1. Se a declaración responsable non reúne os requisitos esixidos, requirirase ao interesado para que, nun prazo de 10 días, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación da inmediata suspensión da actividade en caso de requisitos de carácter esencial. Así mesmo, indicarse que se non se emenda a declaración responsable no prazo establecido se lle terá por non presentada, comportando a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada, e a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao inicio da actividade correspondente, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.
2. Poderá requirirse ao interesado a achega ou exhibición da documentación que declare posuír así como a demais que sexa pertinente para a comprobación da actividade e, nomeadamente, a sinalada no **artigo 9 desta ordenanza**.
3. O control realizado posteriormente á presentación da declaración responsable formalizarse nun informe técnico que verifique a efectiva adecuación da actividade á normativa aplicable, sen prexuízo do procedemento de protección da legalidade que, se é o caso, se puidese iniciar.
4. No caso de que se realicen visitas de comprobación da actividade levantarase a correspondente acta de comprobación.

### **CAPÍTULO TERCEIRO. ACTIVIDADE DE CONTROL E INSPECCIÓN.**

#### **Artigo 12. ACTIVIDADES DE CONTROL E INSPECCIÓN.**

1. A Administración municipal está obrigada a exercer de forma permanente e continuada as funcións de comprobación, vixilancia, control e inspección sobre as actividades que se realicen no termo municipal. Esta obriga levará consigo a realización de determinadas actividades administrativas que suporán, no seu caso, a exacción das pertinentes taxas.

2. As actuacións de comprobación e inspección, así como as de vixilancia e control, axustaranse ás normas sectoriais que correspondan. En ausencia destas serán de aplicación os preceptos que se conteñen no presente capítulo.
3. Os servizos municipais poderán realizar, en calquera momento, actividades de comprobación, vixilancia, control e inspección, podendo esixir, así mesmo, ao titular desta a presentación da documentación acreditativa do cumprimento de calquera esixencia ou requisito esixido para a realización da actividade de acordo coa lexislación vixente.
4. No suposto de apreciación de indicios da comisión dunha infracción, levantarase acta polo funcionario e formularase, no seu caso, proposta de adopción de cantas medidas resulten pertinentes.
5. Naquelas actividades de carácter técnico que requiran o exercicio de funcións de comprobación, vixilancia, control e inspección, e que sexan derivadas de competencias estatais ou autonómicas, a Administración municipal poderá solicitar o auxilio institucional das Administracións públicas competentes para levar a cabo tales funcións.
6. En todo caso, o Concello de Vilalba poderá solicitar asistencia técnica á Deputación Provincial para levar a cabo as actividades de control e inspección reguladas nesta ordenanza.

### **Artigo 13. ACTAS DE COMPROBACIÓN, INSPECCIÓN OU CONTROL.**

1. As actuacións das actividades de comprobación, inspección e control finalizarán mediante o levantamento da acta pertinente, así como da adopción dalgunha das seguintes propostas no informe correspondente:
  - a. **Favorable**: no caso que a actividade comprobada, inspeccionada ou controlada, se exerza de acordo coa normativa en vigor.
  - b. **Condicionado**: no caso que se aprecie que a actividade comprobada, inspeccionada ou controlada, necesita adoptar determinadas medidas correctoras.
  - c. **Desfavorable**: no caso que a actividade comprobada, inspeccionada ou controlada, mostre irregularidades substanciais e se aprecie a necesidade de suspensión da citada actividade ata o momento no cal se adopten as medidas correctoras pertinentes, no suposto que fose posible adoptalas. En caso contrario, proporase o cesamento definitivo da actividade.
2. No suposto de informe condicionado ou desfavorable este será motivado e os servizos competentes determinarán o prazo para a adopción das medidas correctoras propostas.

3. Unha vez transcorrido o prazo anterior, salvo supostos excepcionais de prórroga que non excedan da metade do prazo inicial, sempre que as circunstancias o aconsellen e non se prexudique o dereito de terceiros, ditarase polo órgano competente resolución acordando a suspensión da actividade ata que tales medidas correctoras sexan adoptadas, sen prexuízo do procedemento sancionador que no seu caso se puido incoar.

#### **Artigo 14. SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE.**

1. As actividades previstas na presente ordenanza poderán ser obxecto de suspensión nos supostos que non sexan exercidas de acordo cos requisitos establecidos na normativa aplicable en cada caso.
2. As denuncias que se formulen poderán dar lugar á apertura das dilixencias correspondentes a fin de comprobar a veracidade dos feitos denunciados.
3. As actividades que se exerzan sen a presentación da correspondente declaración responsable ou comunicación previa, así como as que contraveñan as medidas correctoras que se determinaron, serán suspendidas pola Administración desde o mesmo momento en que se teña coñecementos de tales irregularidades.
4. Así mesmo, a comprobación por parte da Administración pública da inexactitude ou falsidade en calquera dato, manifestación ou documento, de carácter esencial, que se achegue, así como do incumprimento dos requisitos establecidos na lexislación vixente, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o mesmo momento en que se teña constancia expresa dos feitos e sen prexuízo do procedemento sancionador que se poida incoar como consecuencia de tales feitos.

#### **CAPÍTULO CUARTO. RÉXIME SANCIONADOR.**

##### **Artigo 15. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.**

1. En defecto da normativa sectorial específica, teñen a consideración de infraccións administrativas as accións e omisións que vulneren as normas contidas na presente ordenanza, así como a desobediencia dos mandatos e requirimentos da Administración municipal ou dos seus axentes ditados en aplicación desta.
2. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves, de conformidade coa tipificación establecida nos artigos seguintes.

## **Artigo 16. TIPIFICACIÓN DE INFRACCIÓN.**

### *1. Considéranse infraccións moi graves:*

- a) O exercicio da actividade sen a presentación da correspondente declaración responsable.
- b) O incumprimento da orde de cesamento ou suspensión da actividade previamente decretadas pola autoridade competente.
- c) O incumprimento das sancións accesorias previstas no **artigo 18.**
- d) A reiteración ou reincidencia na comisión de faltas graves.
- e) Aquelas condutas infractoras que determinen especiais situacións de perigo ou grave risco para os bens ou para a seguridade e integridade física das persoas, ou supoñan unha perturbación relevante da convivencia que afecte de forma grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas ou ao normal desenvolvemento das actividades.

### *2. Considéranse infraccións graves:*

- a) A falsidade en calquera dato, manifestación ou documento, de carácter esencial, que se achegar.
- b) O mal estado dos locais e dependencias nas que se realice a actividade, en materia de seguridade, cando diminúa o grao de seguridade esixible.
- c) A dedicación dos establecementos a actividades distintas das declaradas.
- d) O exercicio das actividades excedendo das limitacións fixadas na licenza.
- e) A modificación substancial dos establecementos e as súas instalacións sen a correspondente autorización ou toma de coñecemento.
- f) O incumprimento das medidas correctoras establecidas, se é o caso.
- g) O incumprimento do requirimento efectuado para a execución das medidas correctoras que se fixen.
- h) O incumprimento das condicións de seguridade que serviron de base para a apertura do establecemento ou o inicio da actividade.
- i) A presentación da documentación técnica final ou a sinatura do certificado final de instalación sen axustarse á realidade existente á data da emisión do documento ou certificado.
- j) A reiteración ou reincidencia na comisión de infraccións leves.

### 3. *Considéranse infraccións leves:*

- a) As accións ou omisións tipificadas como infraccións graves cando pola súa escasa significación, transcendencia ou prexuízo ocasionado a terceiros non deban ser cualificadas como tales.
- b) O funcionamento da actividade con portas, ventás ou outros ocos abertos ao exterior, cando a actividade cause prexuízos ou molestias ao medio.
- c) Non encontrarse no establecemento o documento acreditativo da toma de coñecemento.
- d) A modificación non substancial das condicións técnicas dos establecementos sen a correspondente toma de coñecemento cando esta sexa preceptiva.
- e) A modificación non substancial dos establecementos e as súas instalacións sen a correspondente toma de coñecemento.
- f) Calquera incumprimento do que se establece na presente ordenanza e nas leis e disposicións regulamentarias a que se remita, sempre que non estea tipificado como infracción moi grave ou grave.

### **Artigo 17. SANCIONES.**

A comisión das infraccións tipificadas na presente ordenanza levará aparellada, en defecto da normativa sectorial específica, a imposición das seguintes sancións:

- a) **Infraccións moi graves:** multa de mil cincocentos un euros a tres mil euros.
- b) **Infraccións graves:** multa de setecentos cincuenta e un euros a mil cincocentos euros.
- c) **Infraccións leves:** multa de cen euros a setecentos cincuenta euros.

### **Artigo 18. SANCIONES ACCESORIAS.**

Sen prexuízo das sancións pecuniarias previstas, as infraccións tipificadas na presente ordenanza levarán aparelladas as seguintes sancións accesorias, cando se deriven efectos prexudiciais para a saúde, seguridade, medio ambiente, ou intereses públicos ou de terceiros:

- a) Suspensión temporal das actividades e clausura temporal dos establecementos de **1 a 3 meses** para as **infraccións graves** e de

**3 a 6 meses** para as **infraccións moi graves**.

- b) Inhabilitación do promotor para a realización desta ou análoga actividade en que se cometeu a infracción durante o prazo de **1 a 3 meses** para as **infraccións graves** e de **3 a 6 meses** para as **infraccións moi graves**.

#### **Artigo 19. RESPONSABLES DAS INFRACCIÓNS.**

1. Son responsables das infraccións, atendendo ás circunstancias concorrentes, quen realice as condutas infractoras, e en particular:
  - a) Os titulares das actividades.
  - b) Os encargados da explotación técnica e económica da actividade
  - c) Os técnicos que subscriban a documentación técnica.
  
2. Cando o cumprimento das obrigas establecidas na presente ordenanza corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán solidariamente das infraccións que se cometan e das sancións que se impoñan. No caso de extinción de persoas xurídicas, esixirase, se é o caso, a responsabilidade aos seus administradores, na forma prevista nas normas por que se rexan aquelas.
  
3. Cando os responsables das infraccións sexan técnicos para cuxo exercicio profesional se requira a colexiación, poranse os feitos en coñecemento do correspondente colexio profesional para que adopte as medidas que considere procedentes, sen prexuízo das sancións que se poidan impor pola Administración municipal como consecuencia da tramitación do oportuno procedemento sancionador.

#### **Artigo 20. GRADUACIÓN DAS SANCIONES.**

1. As multas correspondentes a cada clase de infracción graduaranse tendo en conta a valoración dos seguintes criterios:
  - a) O risco de dano á saúde ou seguridade esixible.
  - b) O beneficio derivado da actividade infractora.
  - c) A existencia de intencionalidade do causante da infracción.
  
2. A reiteración e a reincidencia na comisión das infraccións sempre que, previamente, non sexan tidas en conta para determinar a infracción sancionable.

3. Terá a consideración de circunstancia atenuante da responsabilidade a adopción espontánea por parte do autor da infracción de medidas correctoras con anterioridade á incoación do expediente sancionador.

#### **Artigo 21. MEDIDAS PROVISIONAIS.**

Nos termos e cos efectos previstos no **artigo 72 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común**, poderán adoptarse medidas de carácter provisional cando sexan necesarias para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer, as esixencias dos intereses xerais, o bo fin do procedemento ou evitar o mantemento dos efectos da infracción.

#### **Artigo 22. REINCIDENCIA E REITERACIÓN.**

- 1) Para os efectos da presente ordenanza, entenderase que existe reincidencia nos casos de comisión dunha segunda infracción da mesma natureza no prazo de 1 ano desde que adquira firmeza a resolución administrativa.
- 2) Para os efectos da presente ordenanza, considerarase que existe reiteración nos casos de comisión dunha segunda infracción de distinta natureza no prazo de 2 anos desde que adquira firmeza a resolución administrativa.

#### **Art.23. RESPONSABILIDADES DOS PROXECTISTAS, TÉCNICOS DIRECTORES E TITULARES OU PROMOTORES.**

1. Os técnicos asinantes da documentación técnica previa (proxectistas) son os responsables da súa calidade e axuste ás normas que en cada caso sexan aplicables.
2. Os técnicos que dirixan a efectiva execución das obras e instalacións proxectadas (directores de obra, e directores da execución da obra) son responsables da súa correcta realización con arranxo á documentación técnica previa aprobada, as normas aplicables e en ausencia de regulamentación ou de instrucións específicas, as normas técnicas de recoñecemento xeral e do bo facer construtivo e técnico.
3. Os técnicos asinantes das certificacións que se presenten son responsables da súa exactitude e da veracidade do aseverado nelas.
4. Os titulares ou promotores, son responsables durante o desenvolvemento das actividades, do cumprimento das determinacións contidas na documentación técnica con arranxo a que foron concedidas as licenzas ou na documentación anexa á declaración responsable, así como da efectiva disposición ou instalación de calquera condicionante imposto pola Administración municipal ou actuante por razón do tipo de actividade durante o funcionamento desta. Así mesmo, están

obrigados a utilizar, manter e controlar as actividades, establecementos e instalacións de xeito que se alcancen os obxectivos de calidade medioambiental, saúde, salubridade, accesibilidade e seguridade fixadas polas normas vixentes e de conformidade coas instrucións de uso e mantemento contidas na documentación da obra executada.

As actividades contarán cun único titular, xa sexa persoa física ou xurídica.

#### **Art.24. EXCLUSIÓNS DO DEBER DE PRESENTACIÓN DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.**

1. Quedan excluídos do deber de presentar a declaración responsable, sen prexuízo de que poidan estar suxeitas a calquer outro tipo de autorización administrativa esixible:
  - a) Os usos residenciais e as súas instalacións complementarias privadas (rochos, locais para uso exclusivo de reunión da comunidade de propietarios e garaxes, piscinas, pistas deportivas, etc), sempre que se encontren dentro da mesma parcela ou conxunto residencial ocupado polos usos residenciais a que se vinculan. Considerarase que os rochos están vinculados aos usos residenciais soamente cando figuren como tales nas correspondentes licenzas de ocupación do edificio en cuestión ou proxecto autorizado pola Administración urbanística municipal.
  - b) Os rochos que, en forma análoga á anteriormente descrita, se vinculen a outros usos non residenciais en edificios de carácter terciario.
  - c) Os establecementos situados nos mercados de abastos municipais.
  - d) Os quioscos para venda de prensa, revistas e publicacións, lambetadas, flores, boletos e outros artigos similares, situados nos espazos libres da cidade, que se regularán pola normativa correspondente.
  - e) A venda ambulante situada na vía e espazos públicos, que se regulará pola ordenanza correspondente.
  - f) Os postos, casetas ou atraccións instaladas en espazos abertos con motivo de festas tradicionais propias do municipio, que se axustarán, se é o caso, ao establecido nas normas específicas.
  - g) O exercicio de actividades profesionais relacionadas na sección segunda das tarifas do **Imposto sobre Actividades Económicas**, sempre que se trate de uso de oficina ou despacho profesional. Así mesmo, esíxese que non produzan



no seu desenvolvemento residuos, verteduras ou radiacións tóxicas ou perigosas, nin contaminantes á atmosfera non asimilables aos producidos polo uso residencial. Exceptúanse expresamente desta exclusión, aquelas actividades de índole sanitario ou asistencial que inclúan algún tipo de intervención cirúrxica, dispoñan de aparellos de radiodiagnóstico ou en cuxo desenvolvemento se prevea a presenza de animais.

Igualmente o exercicio individual por unha persoa física dunha actividade no seu domicilio habitual na forma de obradoiro doméstico sempre que non concorran ningunha das seguintes circunstancias: venda ao público, existencia de persoal contratado, emprego de aparellos, utensilios ou instalacións distintos aos propios do fogar, produción de residuos, vertidos, radiacións, ruídos ou vibracións non asimilables aos producidos polo uso residencial, ou utilización de animais.

Só se entenderán exentas aquelas actividades que, ademais do anterior, cumpran todos os requisitos esixibles pola regulación da presente ordenanza.

- h) As actividades desenvolvidas polas Administracións públicas, definidas no **artigo 2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común**, así como os servizos públicos xestionados de forma directa ou indirecta, agás aquelas actividades ou servizos cuxa normativa sectorial esixa expresamente licenza de apertura ou calquer outro réxime de autorización.
- i) Os locais destinados exclusivamente a uso de oficina das demais corporacións de dereito público, as fundacións e as entidades non mercantís sen ánimo de lucro, agás naqueles casos en que o dito requisito sexa esixible por norma específica. Se no establecemento se desenvolvesen outros usos distintos aos excluídos, a totalidade deste estará sometido ao deber de obter licenza de apertura.
- j) As celebracións ocasionais de carácter estritamente privado, familiar ou docente, así como as que supoñan o exercicio de dereitos fundamentais no ámbito laboral, político, relixioso ou sindical.

Entenderase que carecen de carácter privado aquelas actividades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias: desenvolvemento en zonas de dominio público ou en establecementos públicos, nos termos da normativa reguladora do **Catálogo de Espectáculos Públicos, Actividades Recreativas e Establecementos Públicos da Comunidade Autónoma de Galicia** ou goze mediante retribución.

K) Os Centros de atención e acollida de vítimas de malos tratos e demais establecementos asistenciais desenvolvidos en vivendas normalizadas, en calquera que sexa a súa situación e tipo de xestión, xa sexa esta pola Administración pública ou por institucións ou asociacións sen ánimo de lucro que colaboren con esta.

1) Os establecementos colectores de locais suxeitos a licenza de apertura ou declaración responsable.

2. En todo caso, tanto os establecementos nos que se desenvolvan as actividades excluídas coma as súas instalacións, haberán de cumprir as esixencias que lles sexan de aplicación en virtude da normativa que en cada caso resulte aplicable.

## **Artigo 25. PROCEDEMENTO DA DECLARACIÓN RESPONSABLE.**

### **A) Presentación da Declaración Responsable.**

1. A declaración responsable debe formalizarse unha vez rematadas as obras e instalacións necesarias, que teñen que estar amparadas, se é o caso, pola licenza urbanística correspondente ou, se procede, pola declaración responsable ou comunicación previa de obras non suxeitas a licenza, así como polas demais autorizacións sectoriais necesarias, fixadas polas normas aplicables, para levar a cabo a actividade.

2. A declaración responsable presentada na debida forma, conxuntamente coa documentación esixible, acredita o cumprimento do réxime de intervención municipal na materia regulada por esta ordenanza, sen prexuízo das actuacións que se deriven dos controis que poidan realizarse a posteriori.

3. O titular dunha actividade que pola súa natureza estea incluída no ámbito da declaración responsable, poderá optar pola alternativa de legalizar a súa actividade mediante unha licenza de apertura, que se tramitará conforme ao procedemento previsto para as actividades non cualificadas.

### **B) Alcance.**

As actividades que poden legalizarse mediante este procedemento son as que cumpran as condicións establecidas nesta ordenanza. Excluíranse, non obstante, aquelas para as cales unha disposición legal ou regulamentaria esixa suxeición a licenza de apertura.

### **C) Efectos.**

1. A documentación técnica adxunta á declaración responsable deberá acreditar o cumprimento das esixencias derivadas das normas aplicables ao día da data da súa presentación ante a Administración municipal.
2. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore á declaración responsable determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houberse lugar.
3. A resolución que declare as circunstancias descritas no apartado precedente poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao inicio da actividade, sen prexuízo do sinalado no **art.16**.

#### **D) Relación de actividades sometidas a declaración responsable.**

As actividades sometidas a este réxime serán as de nova implantación que reúnan todos os requisitos que a continuación se indican:

##### **1) Condicións relativas á actividade:**

- a. Non dispoñer dunha superficie superior a 1.500m<sup>2</sup> construídos.
- b. Non encontrarse incluída na normativa reguladora das actividades con impacto ambiental nin nas actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera, nin no **Nomenclátor e Catálogo de Espectáculos Públicos, Actividades Recreativas de Galicia** ou normas equivalentes que os substitúan.
- c. Non constituír actividade incompatible co modelo territorial nin o modelo urbano, de acordo co recollido para o efecto na normativa urbanística municipal ou na normativa autonómica de aplicación, nin preverse a súa situación en solo non urbanizable.
- d. Non encontrarse relacionada entre os servizos financeiros nin tratarse de empresas de traballo temporal.
- e. Non encontrarse relacionada entre os do **Rexistro de Centros e Establecementos Sanitarios** ou incluída entre os servizos sanitarios nin destinarse á realización de perforacións corporais ou tatuaxes.
- f. Non encontrarse relacionada entre os servizos asistenciais.
- g. Non encontrarse relacionada entre os servizos docentes.
- h. Non constituír actividade de servizo de comunicacións electrónicas nin servizo audiovisual.
- i. Non prever a emisión de música en directo.

- j. Non constituír actividade que implique cría, comercio, exhibición, adestramento, coidado ou calquer outro tipo de uso que comporte a presenza de animais.
- k. Non constituír oficinas de notarías e rexistros da propiedade e mercantís.

**2)** Non dispoñer de elementos reprodutores de son, ou audiovisuais, cuxo nivel sonoro (LAeq60, fast) exceda de 70,0 (setenta) dBA medidos en campo reverberante no interior do establecemento, funcionando os elementos de amplificación de son á súa máxima potencia e sen limitador sonoro.

**3)** Non contar con centro de transformación nin grupo electrógeno.

#### **E) Documentación:**

Á declaración responsable, segundo modelo normalizado, achegárase a seguinte documentación:

1. Xustificante do pago da taxa municipal.
2. Acreditación da personalidade do interesado e, no seu caso, do seu representante, así como documento no que conste a representación.
3. A documentación técnica previa relacionada no **artigo 9**. No caso de que sexa de aplicación o **artigo 9.2.c.** achegaranse dous exemplares da documentación técnica.
4. Certificado final de instalacións, segundo modelo normalizado, suscrito polo técnico director e, no seu caso, da execución das obras e instalacións con fotografías significativas do establecemento rematado.
5. Certificado técnico, segundo modelo normalizado, suscrito polo técnico proxectista da documentación técnica previa, onde se acredite, entre outros aspectos, que a actividade, o establecemento e as instalacións proxectados se axustan aos condicionantes técnicos establecidos.

#### **F) Tramitación.**

1. Recibida a documentación indicada, comprobarase dende un punto de vista cuantitativo e formal que se achegan de forma completa e correcta todos os documentos esixidos, e que estes son coherentes entre si.
2. No suposto de que se constatase que a documentación presentada é incorrecta ou incompleta, concederase ao interesado un prazo de 1 mes para que poida emendar as deficiencias que se lle sinalen. Unha vez transcorrido o

dito prazo sen que se achegue a documentación requirida ou se dea resposta satisfactoria ao requirimento efectuado, ditarase resolución expresiva de que a declaración responsable non produciu efectos, procedéndose ao seu arquivo.

#### **G) Posta en marcha.**

1. A declaración responsable producirá efectos dende a data da súa presentación ante calquera dos rexistros que establece o **artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común**, salvo inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore esta.
2. De acordo co sinalado no apartado anterior, o exercicio da actividade pode iniciarse baixo a exclusiva responsabilidade dos titulares e técnicos, nos termos establecidos no **artigo 3**, que subscribisen os documentos achegados, sen prexuízo de que para iniciar a actividade haxa de dispoñerse das autorizacións ou controis iniciais que, de acordo coas normas sectoriais, sexan preceptivos.

#### **H) Veracidade da información achegada.**

1. Os técnicos redactor e director, así como o titular, serán responsables, dentro dos seus respectivos ámbitos de coñecemento e decisión, da veracidade dos datos achegados, que determinan a inclusión da actividade neste procedemento.
2. O incumprimento das cuestións certificadas e declaradas dará lugar ás actuacións administrativas que correspondan contra os responsables, sen prexuízo da responsabilidade civil ou penal nas que, no seu caso, puidesen incorrer.

#### **I) Declaracións responsables de modificacións, ampliacións e reformas de actividades preexistentes legalizadas.**

1. A modificación, reforma ou ampliación dunha actividade legalizada poderase legalizar mediante outra declaración responsable, sempre que a actividade considerada no seu estado final se encontre dentro das que poden legalizarse mediante este procedemento, e na forma sinalada para este.
2. A documentación técnica referirase á actividade conxunta final, dando cumprimento ás esixencias normativas que correspondan, de acordo co carácter da modificación ou ampliación e co disposto nas normas de aplicación.

#### **J) Declaracións responsables de cambios de titularidade en**

## **actividades preexistentes legalizadas por outra declaración responsable.**

1. No caso de que exista modificación do titular dunha actividade legalizada mediante declaración responsable, sen que se producise ningunha modificación na actividade, o establecemento ou as súas instalacións, o titular deberá presentar nova declaración responsable acompañada da documentación esixible no **artigo 9**, agás a recollida nos seus **apartados terceiro e cuarto**.
2. Non obstante o anterior, se entre a declaración responsable inicial e a que agora se presente se tivesen promulgado normas que esixisen a adaptación da actividade, deberá acompañarse a documentación técnica referida no **artigo 9**, co contido necesario para dar resposta ás necesidades de adaptación.
3. De non concorrer a circunstancia anterior, a actividade entenderase correctamente legalizada atendendo ás esixencias normativas esixibles ao día da data de presentación da primeira declaración responsable relativa á actividade, o establecemento e as súas instalacións.

### **Artigo 26. CONTESTACIÓN E PRAZO.**

#### **A) Control a posteriori.**

1. A presentación da declaración responsable faculta á Administración municipal a comprobar, en calquera momento, a veracidade de todos os documentos, datos e cumprimento dos requisitos, de acordo cos criterios que se establezan no Plan de Inspección que, se é o caso, se elabore anualmente.
2. En todo caso, será obxecto de control a posteriori polo Servizo con competencias en materia de seguridade e protección contra incendios e salvamento, mediante a comprobación documental e, no caso de que esta sexa conforme, inspección da actividade, aqueles establecementos que reúnan, igualem ou superen algúns dos parámetros seguintes:
  - Superficie construída total: **500 m<sup>2</sup>**.
  - Aforamento: **100 persoas**.
  - Contar con locais de risco especial alto segundo o **Código Técnico da Edificación** (CORRENTE) ou con nivel de risco intrínseco medio ou superior, segundo o **Regulamento de Seguridade contra Incendios en Establecementos Industriais (RSIEI/04)**.
  - Dispoñer de planta(s) baixo rasante.

#### **B) Efectos do control a posteriori.**

1. Se efectuado o control a posteriori nunha actividade tramitada mediante declaración responsable se comprobase a corrección cualitativa da documentación técnica presentada, que a actividade se axusta a esta e que o titular dispón no establecemento da documentación que, de acordo coas normas sectoriais, resulta esixible en función da actividade e instalacións dispostas, farase constar así no expediente.

2. Se como resultado do dito control se emitisen informes técnicos dos que se evidenciasen incumprimentos normativos subsandables mediante a imposición de condicións para adaptar, completar ou eliminar aspectos que non requiran da elaboración de documentación técnica, ou que, requiríndoa non supoñan modificación esencial, darase un prazo de 2 meses ao titular para que presente comunicación onde se sinale que se levaron a cabo os axustes requiridos. Unha vez realizada a visita de comprobación que verifique o declarado, realizaranse as actuacións referidas nos **apartados primeiro ou terceiro deste artigo**, dependendo do resultado desta. Ata tanto non presente a referida comunicación o titular deberá suspender o exercicio da actividade, que se entenderá non amparada pola presentación da declaración.

Para os efectos do que se dispón no apartado anterior, considérase modificación esencial:

- a) A alteración da superficie construída ou o volume do establecemento que supoña unha variación porcentual superior ao **10%**.
- b) O incremento do aforamento teórico total establecido en función dos valores de densidade fixados polas normas de protección contra incendios, a falta doutras máis específicas sempre que o dito incremento leve consigo o aumento das medidas de seguridade activas ou pasivas. Non se terá en conta o maior aforamento resultante da aplicación de coeficientes de densidade establecidos por novas normas sobrevidas, sempre que non se amplíe a zona de público e a distribución de usos existente.
- c) A redistribución espacial significativa. Entenderase por tal:
  - O aumento dos percorridos de evacuación dende calquera punto ocupable no establecemento.
  - A diminución da altura nalgún punto do establecemento cando incumpra as medidas mínimas esixibles.
  - A alteración da composición dos ocios de fachada ou patios, sen que para estes efectos se teñan en conta as reixas para saída ou entrada de instalacións.
  - O cambio do uso desenvolvido nalgunha das dependencias que compoñen o establecemento, aumentándose o aforamento

teórico nalgunha delas, alterándose o trazado ou as dimensións das escaleiras ou das cotas de nivel do pavimento do establecemento en zonas de público, cambiándose a distribución das zonas de aseo ou modificándose as características dalgún acceso de público.

- A modificación da disposición do mobiliario, se leva consigo alteración significativa dos percorridos de evacuación, aumento de aforamento teórico ou diminución das condicións de accesibilidade agás cando se comunique no prazo requirido a reposición do dito mobiliario ao estado esixido en proxecto.
- d) O aumento significativo da carga de lume no establecemento ou nalgunha das pezas que o compoñen.
- e) Calquera alteración que supoña un aumento do nivel sonoro máximo autorizado no interior dunha actividade con elementos musicais ou que supoña unha diminución do illamento ou da protección contra incendios ou que se cualifique como modificación substancial.
- f) A introdución de novos elementos ou a substitución dos elementos da instalación audiovisual legalizada agás cando se comunique no prazo requirido á reposición dos ditos elementos ao estado esixido en proxecto.
- g) A substitución, ampliación ou modificación das instalacións de electricidade, calefacción, refrixeración e ventilación, agás a substitución dun equipo por outro, na mesma localización, de igual ou menor nivel sonoro salvo cando se comunique no prazo requirido a reposición das ditas instalacións ao estado esixido en proxecto.
- h) A substitución, ampliación ou modificación das instalacións de protección contra incendios, agás a substitución e recarga de extintores por outros das mesmas características autorizadas, a substitución de luminarias de emerxencia e sinalización avariadas por outras das mesmas características autorizadas ou o cambio, por outros de idénticas características, de elementos secundarios da instalación salvo que se comunique no prazo requirido a reposición das ditas instalacións ao estado esixido en proxecto.
- i) A alteración ou substitución da iluminación interior ou exterior dun establecemento cando iso supoña o incumprimento das esixencias establecidas nas normas de aplicación correspondentes.
- j) A substitución dos revestimentos de chans por outros de peores características no relativo ao deslizamento ou esvaramento ou que supoña unha diminución do illamento



acústico, a protección contra incendios ou a clase de reacción ao lume.

k) A modificación significativa das instalacións de saneamento ou abastecemento de auga, salvo as que se deriven de labores de mantemento.

l) A modificación, alteración ou nova disposición de instalacións afectadas pola normativa específica en materia de industria, salvo que se trate de elementos de escasa entidade, exceptuando o caso en que se comunique no prazo requirido a reposición das ditas instalacións ao estado esixido en proxecto.

m) Calquera alteración realizada no establecemento ou as súas instalacións que empeore as condicións de accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas ou urbanísticas e supoña incumprimento das normas existentes na materia.

3. Se como resultado do control se emitisen informes técnicos dos que se evidenciasen incumprimentos normativos que excedan dos sinalados no apartado anterior, tanto na documentación técnica presentada coma na actividade implantada, emitirase resolución que imposibilite seguir exercendo a actividade, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, civís ou penais nas que, se é o caso, puidesen incorrer. Neste caso, a legalización da actividade polo mesmo titular deberá levarse a cabo a través do procedemento para actividades non cualificadas, ou que, se é o caso, proceda, mediante a petición polo titular da correspondente licenza.

4. A falta de contestación en prazo ao requirimento efectuado no **apartado segundo deste artigo** levará consigo as consecuencias previstas no **apartado terceiro**.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA. MODELOS DE DOCUMENTOS.**

1. Establécense os correspondentes modelos normalizados de declaración responsable e comunicación previa nos **anexos I e II**.

2. Facúltase ao alcalde para a aprobación e modificación de cantos modelos normalizados de documentos requira o desenvolvemento desta ordenanza.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. PROCEDIMENTOS EN TRAMITACIÓN.**

En relación cos procedementos de autorización iniciada con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza, os interesados poderán continuar a tramitación destes polos procedementos ou réximes regulados no presente, mediante comunicación a este Concello de Vilalba.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA. MANTEMENTO TEMPORAL DA LICENZA DE APERTURA.**

1. O réxime de sometemento a licenza municipal de apertura manterase para as actividades sometidas aos procedementos de declaración de impacto, efectos e incidencia ambiental previstos na **Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia**, ata que se modifiquen as referencias á dita licenza na normativa medioambiental.
2. O réxime de sometemento á licenza municipal de apertura manterase para as actividades dentro do ámbito de aplicación da normativa de espectáculos públicos e actividades recreativas ata que se modifiquen as referencias á dita licenza ou establézase de maneira expresa a sometemento a declaración responsable.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ao que se establece nesta ordenanza.

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA. ENTRADA EN VIGOR.**

A presente ordenanza entrará en vigor aos 15 días hábiles seguintes ao da súa completa publicación no **Boletín Oficial da Provincia**.

**ANEXO I.**

**MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.**

**1. DATOS DO SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:

NIF/CIF/ou equivalente:

REPRESENTANTE: NOME E APELIDOS:

NIF ou equivalente:

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

LOCALIDADE:

PROVINCIA:

PAÍS:

C. POSTAL:

TEL. FIXO:

TEL. MÓBIL:

FAX:

CORREO ELECTRÓNICO:

## 2. TIPO DE ACTUACIÓN

Apertura de establecementos para o exercicio das actividades económicas NON SOMETIDAS Á AVALIACIÓN DA INCEDENCIA AMBIENTAL nin no **Catálogo de Espectáculos Públicos, Actividades Recreativas e Establecementos Públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.**

Modificacións non substanciais das actividades sometidas a licenza municipal.

Modificacións substanciais das actividades sometidas a declaración responsable.

## OBSERVACIÓNS:

.....  
.....  
.....  
.....  
.....  
.....

## 3. DATOS DA ACTIVIDADE.

DIRECCIÓN:

LOCALIDADE:

PROVINCIA:

C. POSTAL:

TELÉFONO:

FAX:

CORREO ELECTRÓNICO:

GRUPO IAE:

NOME COMERCIAL DA ACTIVIDADE:

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE:

DOCUMENTOS QUE SE ANEXAN (Marque cun "x" a documentación que se anexa)

**1. CON CARÁCTER XERAL AS SOLICITUDES DEBERÁN ACOMPAÑARSE DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:**

- a) Acreditación da representación nos casos en que proceda.
- b) Indicación que permita a identificación, ou copia da licenza urbanística de obras, primeira utilización ou modificación de uso, segundo corresponda, que faculte para o pretendido destino urbanístico do establecemento.
- c) Certificado técnico de cumprimento de normativa urbanística e técnica para aqueles locais que non contén con licenza de primeira utilización.

**2. O DECLARANTE ASUME BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE NESTA DATA CONTA E DISPÓN DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:**

- a. Licenza urbanística de obras no suposto de que a apertura da actividade esixa a realización delas.
- b. Título ou autorización de ocupación do local ou espazo destinado ao desenvolvemento da actividade.
- c. Proxecto técnico, asinado por un técnico competente e visado, se a actividade de que se trata o require e, en todo caso, cando deban de realizarse obras que poidan cualificarse como maiores por ser das previstas polo **artigo 2.2 da Lei de ordenación da edificación**, que inclúa os certificados acreditativos requiridos pola normativa sectorial de aplicación.
- d. No suposto de que non sexa esixible proxecto técnico, debera contarse cunha memoria técnica descritiva e gráfica da actividade, o establecemento e as súas instalacións, asinada por un técnico competente, que inclúa os certificados acreditativos requiridos pola normativa sectorial de aplicación.
- e. Documentación complementaria esixida na normativa sectorial que regule a actividade de que se trate.

**3. OUTROS DOCUMENTOS** esixidos pola lexislación sectorial que se anexan con carácter voluntario sen prexuízo do posible requirimento da documentación que proceda no momento da comprobación ou da inspección da actividade.

**4. DECLARACIÓN RESPONSABLE:**

O/A ABAIXO ASINANTE DECLARA, BAIKO A SÚA RESPONSABILIDADE, QUE SON CERTOS OS DATOS QUE FIGURAN NO PRESENTE DOCUMENTO, QUE POSÚE A DOCUMENTACIÓN QUE ASÍ O ACREDITA, E:

Que conta coa documentación que se establece como obrigatoria pola ordenanza municipal de apertura de actividades económicas non sometidas á avaliación da incidencia ambiental, así como coa documentación de achega voluntaria.

Que o establecemento reúne as condicións establecidas no **Código Técnico da Edificación, o Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión**, pola normativa de protección contra o ruído e contra a contaminación acústica, pola lexislación reguladora sobre accesibilidade, pola lexislación reguladora dos vertidos á rede municipal de sumidoiros, e polas disposicións legais e regulamentarias aplicables para que a actividade obxecto desta declaración poida ser exercida no referido emprazamento.

Que realizou, ou realizará antes do inicio da actividade, a alta na declaración censual (**modelo 036 da Axencia Tributaria**), e a correspondente inscrición da empresa na Seguridade Social e a apertura de conta de cotización, ou se é o caso, a alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

Que presentou o Boletín de instalación eléctrica na consellería competente.

Que conta con contrato de mantemento das instalacións de protección contra incendios, por empresa autorizada, en caso de ser legalmente esixible.

Que conta coa documentación específica da actividade segundo a normativa sectorial de aplicación.

Que cumpre con todos os requisitos esixidos pola normativa para o exercicio da actividade incluída, no seu caso, a habilitación profesional de.....

Que manterá o cumprimento dos requisitos legalmente esixidos durante todo o período de tempo inherente ao exercicio da actividade.

Que dispón de título posesorio que lexitima a ocupación do local ou establecemento.

Que aos efectos da normativa sobre protección de datos persoais autorizo a esta administración á comprobación telemática con outras administracións públicas dos datos declarados e demais

circunstancias relativas ao exercicio da actividade a desenvolver.

Que COMUNICA que iniciará a actividade a partir do día...../...../..... (en caso de non indicar data, entenderase a partir do mesmo día da presentación).

**(NOTA INFORMATIVA: O apartado 4 do artigo 71. bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dispón que "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houberse lugar.**

Así mesmo, a resolución da Administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.")

.....,.....de.....de.....

Asdo.

## **ANEXO II. MODELO DE COMUNICACION PREVIA.**

### **1. DATOS DO SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL:

NIF/CIF/ou equivalente:

REPRESENTANTE:

NOME E APELIDOS:

NIF ou equivalente:

DOMICILIO PARA OS EFECTOS de NOTIFICACIÓN:

LOCALIDADE:

PROVINCIA:

PAÍS:

C. POSTAL:

TEL. FIXO:

TEL. MÓBIL:

FAX:

CORREO ELECTRÓNICO:

### **2. DATOS DA ACTIVIDADE**

DIRECCIÓN:

LOCALIDADE:

PROVINCIA:

C. POSTAL:

TELÉFONO:

FAX:

CORREO ELECTRÓNICO:

GRUPO IAE:

NOME COMERCIAL DA ACTIVIDADE:

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:

### **3. TIPO DE ACTUACIÓN:**

CAMBIO DE TITULARIDADE:

Deberá achegarse a seguinte documentación:

Documento acreditativo da transmisión

Poderase achegar con carácter voluntario a seguinte documentación, sen prexuízo do posible requirimento da documentación que proceda.

Copia da licenza de apertura ou da toma de coñecemento, se é o caso, ou a seguinte indicación que permite a súa identificación.

.....,.....de.....de.....

Asdo.

**LISTADO MERAMENTE ENUNCIATIVO DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS QUE QUEDAN EXENTAS DA OBTENCIÓN DA LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA OU DE ACTIVIDADE, BASTANDO PARA O INICIO A PRESENTACIÓN DUNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE**

1. Instalacións para a cría de animais domésticos e actividades agrogandeiras:



- 1.1. Instalacións para a cría intensiva de animais domésticos, sempre que non superen 9 cabezas de gando vacún, equino ou porcino, 15 de ovino ou caprino, 15 coellas nais ou 50 aves.
- 1.2. Instalacións para cría ou garda de cans, susceptibles de albergar como máximo 5 cans maiores de 3 meses.
- 1.3. Actividades de almacenamento de equipos e produtos agrícolas, sempre que non contén con sistemas de refrixeración e/ou sistemas forzados de ventilación, que como máximo conteñan 2.000 litros de gasóleo ou outros combustibles.

**2. Actividades industriais, sempre que a potencia mecánica instalada non supere os 15 kW e a súa superficie non supere os 400 metros cadrados.**

Talleres de confección, xastraría, peletaría e similares.

Talleres auxiliares de construción, tales como carpintaría, albanaría, escaiolaría, cristalaría, electricidade, fontanaría, calefacción e aire acondicionado.

Talleres de encadernación e afíns.

Talleres de relojería, ourivaría, óptica, ortopedia, e outros afíns aos anteriormente indicados.

**3. Comercio polo miúdo, excepto o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores; reparación de efectos persoais e aparellos domésticos, sempre que a potencia mecánica instalada non supere os 15 kW e a súa superficie non supere os 400 m<sup>2</sup>:**

Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados.

Comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos, artigos médicos, beleza e hixiene.

Comercio polo miúdo de téxtiles, pezas de vestir, calzado e artigos de coiro.

Comercio polo miúdo de mobles, aparellos de iluminación e outros artigos para o fogar.

Comercio polo miúdo de electrodomésticos, aparellos de radio, televisión e son.

Comercio polo miúdo de ferraxaría, vidro, pinturas e materiais de bricolaxe.

Comercio polo miúdo de materiais de construción, e material de saneamento.

Comercio polo miúdo de libros, periódicos e papelería.

Comercio polo miúdo de óptica, fotografía e precisión.

Comercio polo miúdo de artigos de relojería, xoiaría e prataría.

Comercio polo miúdo de xoguetes e artigos de deporte.

Comercio polo miúdo de artigos de droguería, papeis pintados e revestimentos de solos.

Comercio polo miúdo de sementes, flores, plantas e animais de compañía.

Galerías de arte comerciais.  
Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados ou non especializados.  
Comercio polo miúdo de bens de segunda man e anticuarios.  
Reparación de efectos persoais e aveños domésticos.  
Outro comercio polo miúdo non comprendido noutras partidas.

#### **4. Outras actividades:**

Centros e academias de ensino, agás salas de baile, música e canto.

Despachos profesionais, xestorías, oficinas e similares.

Barberías, saunas, institutos de beleza e similares.

Actividades de almacenamento de obxectos e materiais, sempre que a súa superficie sexa inferior a 500 m<sup>2</sup>, excepto as de produtos químicos ou farmacéuticos, combustibles, lubricantes, fertilizantes, praguicidas, herbicidas, pinturas, vernices, ceras ou neumáticos.

Garaxes para estacionamento de vehículos agás os comerciais de uso público.

Plantas de tratamento de augas residuais para poboacións inferiores a 2.000 habitantes equivalentes.

#### **5. Outros supostos.**

- 5.1 Modificación non substancial das actividades sometidas a avaliación da incidencia ambiental.
- 5.2 Modificación nas actividades abertas en réxime de declaración responsable.